



ACONTECIMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novío, "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...

3 de xaneiro de 1990

Aparece na prensa a noticia da detención de dous presuntos membros da organización terrorista GRAPO, por parte de funcionarios da Brigada de Información da Coruña.



4 de xaneiro de 1990

Neste día tivo lugar na Casa Consistorial unha xornada de convivencia con membros do Club de Xubilados da cidade, á que asistiron arredor de cen persoas, e que se inclúe dentro do programa de actos de Nadal e Aninovo, que organiza o Concello. Estivo presidido este acto polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban a Delegada Municipal de Benestar Social, Dona María Asunción Sánchez Vázquez e outros membros da Corporación. No transcurso do mesmo foron entregados os premios ós gañadores dos torneos de xogos de mesa organizados por este Club.

4 de xaneiro de 1990

Tivo lugar no Cine Capitol a "VI Xornada de Aproximación ó Jazz", organizada pola Delegación de Cultura do Concello, filmada integralmente pola TVG.

5 de xaneiro de 1990

Tivo lugar a tradicional Cabalgata de Reis, cunha gran afluencia de público. Contou con gran número de agrupacións que acompañaban ós Reis Magos facendo a ledicia de tódalas persoas, en especial dos nenos, que foron os grandes protagonistas. A Cabalgata, o mesmo que outros anos, estivo organizada pola Asociación de Veciños "Santa María-A Ribeira" e contou co patrocinio do Concello e outras entidades locais.

10 de xaneiro de 1990

Días pasados o Pleno da Corporación Municipal aprobou por unanimidade a adjudicación definitiva do concurso convocado para adjudicación das obras de rehabilita-



ción e recreación do Pasatempo a favor da empresa "Cubiertas MZOV, SA, por un importe de 376 millóns de pts. Por tal motivo neste día tivo lugar a sinatura do contrato de adxudicación da primeira fase entre o Concello e a dita empresa.

19 de xaneiro de 1990

A proposta do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Antonio Lagares Pérez, o Pleno da Corporación Municipal prestou aprobación inicial ó Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación número 3 (Ambulatorio) que significará, entre outras cousas, a apertura das rúas Pintor Seijo Rubio e Rosalía de Castro cara á N. VI.

19 de xaneiro de 1990

No Pleno do Concello aceptouse a renuncia irrevocable do Concelleiro D. José Hipólito Loureiro Pereira, facendo constar, a proposta da Alcaldía, a gratitud pola súa colaboración tanto a nivel persoal como político.

24 de xaneiro de 1990

Nesta semana deron comenza as obras de construción dunha piscina climatizada na zona do Carregal, que conta cun presuposto de 140 millóns de pts. Faise mediante un convenio entre o Concello, a Xunta de Galicia e o Consello Superior de Deportes, contando cun prazo de 12 meses para a súa execución.



26 de xaneiro de 1990

Tivo lugar no Concello a sinatura dun convenio entre o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e os Delegados de Cultura dos Concellos de Carballo e Culleredo, polo que se solicitará á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o recoñecemento oficial dun Conservatorio Supramunicipal de Música, con sede en Betanzos.

4 de febreiro de 1990

Baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Fillo Predilecto da Cidade, D. José Manuel Romay Beccaría, o Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez e outras autoridades, tivo lugar a inauguración dos locais da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos, ubicados no antigo Mosteiro de Santo Domingo. Ó acto asistiron arredor de 500 persoas e despois de bendicir os novos locais por parte do cura-párroco, D. Manuel López Castro, tomou a palabra o Presidente da nova Sociedade, D. Andrés Gómez Dopico, quen agradeceu a presencia de todos e fixo unha breve reseña dos pasos que se foron dando ata chegar á creación da Sociedade, que gracias á colaboración do Concello dispón de espacios axeitados. Rematou



o acto coa solta de pombas mensaxeiras desde o adro de Santo Domingo por parte da Sociedade Colombófila da Coruña.

8 de febreiro de 1990

Nun acto presidido polo Alcalde da Cidade, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban membros da Corporación Municipal, tivo lugar a inauguración do Centro Social de Tiobre, ubicado nun vello inmoble rehabilitado.

9 de febreiro de 1990

Por unanimidade dos asistentes e a petición da entidade Caixa Galicia, o Pleno da Corporación Municipal aprobou designar na súa representación ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, para o cargo de conselleiro xeral de Caixa Galicia.



10 de febreiro de 1990

Cerca de 150 persoas, entre profesores e alumnas, pertencentes ás primeiras promocións do "Ins-

"Instituto Laboral Femenino" da cidade, celebraron unha xornada de confraternidade e convivencia para conmemorar o vintecinco aniversario da fundación deste centro.

10 de febreiro de 1990

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha reunión do Presidente da Comisión de Cultura e Deportes da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz e asesores, con alcaldes e conceleiros dos municipios do Partido Xudicial de Betanzos con motivo de dar a coñecer ós mesmos o programa económico e administrativo de subvencións previstas para o presente exercicio.

15 de febreiro de 1990

Nun acto organizado pola Deputación Provincial, tivo lugar unha reunión na Sala Capitular do Concello, presidida polo Vicepresidente da Deputación, D. Antonio Varela Saavedra, na que se realizou unha análise da normativa urbanística provincial.

Febreiro de 1990

Comenzaron nas Escolas de S. Francisco as clases da Escola Municipal de Música á que asisten gratuitamente tódalas persoas que o desexen a partires dos 8 anos e que ten como finalidade primordial a formación dunha Banda Municipal de Música.

19 de febreiro de 1990

Baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, deu comenza na Aula de Cultura de Caixa Galicia un inter-resante ciclo de conferencias sobre "Aspectos varios do pasado brigantino", organizadas polo Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento", que coordena o Doutor Don José Carro Otero, co patrocínio do Concello de Betanzos.

19 de febreiro de 1990

Tomou posesión do cargo de Delegado Provincial da Consellería de Sanidade na Provincia da Coruña o médico betanceiro Don Juan Antonio Maceiras Barros.

20 de febreiro de 1990

Baixo a presidencia do Deputado Provincial e Tenente Alcalde, D. Antonio Lagares Pérez, e con asistencia do Presidente da área de Cultura da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz, ós que acompañaban membros da Corporación Municipal e outras autoridades e representacións, foi inaugurada no Edificio Arquivo unha mostra titulada "Crónica de una década", patrocinada pola Deputación.



D. Juan Antonio Maceiras Barros.





1 de marzo de 1990

As dúas palmeiras, de 25 m. de altura que se atopaban na denominada "Horta de Dª Águeda" foron arrancadas e trasladadas a unha finca de Vilaboa.

2 de marzo de 1990

O Pleno da Corporación Municipal aprobou unha relación de proxectos incluidos no "Plan Provincial de Obras e Servicios" da Deputación para 1990, por un importe de 29.300.232 pts.

2 de marzo de 1990

O pleno da Corporación aprobou unha moción da Alcaldía pola que se faculta á Comisión de Cultura para a organización das Fiestas Patronais.

23 de marzo de 1990

O antigo asilo de cegos e xordomudos "Manuel Naveira" (rexentado polas Carmelitas ata 1970) foi donado pola Fundación "Manuel Naveira" ó Concello. O dito edificio, cos terreos (uns 3.500 m²) será destinado a equipamentos sociais e zona verde de recreo.

Marzo de 1990

A Comisión de Goberno do Concello aprobou unha solicitude de obra a unha empresa de fertilizantes que se ubicará no Polígono de Piadela e que contará cunha inversión de 133 millóns de pts.

6 de abril de 1990

Nun acto organizado pola Coral Polifónica de Betanzos tivo lugar na igrexa de Santo Domingo o Pregón de Semana Santa a cargo do maxistrado da Coruña e Presidente da Asociación Cidáñ de Loita contra a Droga, D. César Álvarez Vázquez.

7 de abril de 1990

Segundo anuncia o Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez, iniciaránse en breve as obras de ancheo da Ponte do Carregal, cun coste de 34 millóns de pts., que será financiada pola Deputación Provincial. Neste senso o Concello mercou unha finca próxima afectada polo proxecto.

11-13 de abril de 1990

Dou comezo o III Torneo Interautonómico de Fútbol Base "Ciudad de Betanzos". Participan 5 equipos, entre o que destaca o Club Deportivo Masnou, irmánado co C. F. Brigantium. A comisión organizadora estivo presidida polo Presidente do Brigantium, D. Fran-



cisco Casal Espiñeira, auspiciada polo Concello. O día 13 tivo lugar o acto de clausura e entrega de trofeos. Presidiu o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Subdirector de Deportes da Xunta de Galicia, D. Eduardo Lamas, o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e outras representacións.

15 de abril de 1990

Tivo lugar en Becerreá (Lugo) un gravísimo accidente de circulación no que perdieron a vida o matrimonio betanceiro (mestres de EXB), D. Andrés Gómez Dopico (propulsor da Festa do Viño e Presidente da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos) e Dona Justa Luisa Otero Vázquez, sufrindo feridas graves as súas fillas Luisa e Elena. Desde o Anuario Brigantino queremos sumarnos ó fondo pesar xeral por esta perda, tan sentida para todos. Máis referencias en Asociacións Culturais.



21 e 22 de abril de 1990

Tivo lugar na Praza do Campo a V Festa do Viño de Betanzos, á que asistiron varios miles de persoas, consumíndose arredor de 12.000 litros de viño e 100 litros de augardente. A comisión organizadora fixo unha recepción ás autoridades presentes, entre as que se atopaban o Conselleiro de

Agricultura, D. José Manuel Romay Beccaría, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Deputado do Parlamento de Galicia, D. Antolín Sánchez Presedo, o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz, e diversos membros da Corporación Municipal, Alcaldes da Comarca, etc. A pesares do mal tempo, a festa constituiu un gran éxito e os gañadores foron os cosecheiros D. Tomás López Loureda (en viño branco) e D. Julio Crespo Pérez (en viño tinto).

23 de abril de 1990

Dou comenza na Casa da Xuventude o I Cursiño de iniciación á Mineraloxía, que se inclúe no Programa de Educación Medioambiental "Vive a Natureza", organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello en colaboración co colectivo de Educación Medioambiental.

23 de abril de 1990

A TVG emitiu o primeiro capítulo da serie dramática "Os outros feirentes", baseada na obra de Álvaro Cunqueiro e da que boa parte das secuencias foron filmadas na zona de Santa María do Azougue e na que participaron gran número de betanceiros, entre eles (nun papel protagonista) o compositor Don Carlos López-García.

VIVE A NATUREZA
Programa de educación ambiental

I CURSIÑO
DE
INICIACIÓN A
MINERALOXIA



DIAS: 23, 24 e 25
ABRIL 1990
CASA DA XUVENTUDÉ ás 7,30



27 de abril de 1990

Baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaba o Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, tivo lugar na Sala Capitular do Concello, unha recepción ós participantes no Campeonato Xovenil Feminino de Baloncesto, a celebrar no Pabellón Polideportivo Municipal. O 29 tería lugar a final e a entrega de trofeos do Campeonato, por parte do Alcalde da cidade e do Delegado Municipal de Cultura e Deportes.

27 de abril de 1990

Tivo lugar o entierro de Dona Mercedes Beccaría de Loureda, viuda do que fora Presidente da Deputación Provincial, D. Emilio Romay Montoto e nai do Conselleiro de Agricultura e Fillo Pre-dilecto de Betanzos, D. José Manuel Romay Beccaría.

28 de abril de 1990

No marco da asistencia e cooperación da Deputación Provincial cos municipios da provincia, organizouse o primeiro curso básico de formación da Policía Local en resposta ás inquietudes plantexadas por representantes dos Concellos de Miño, Vilarmaior, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo e Bergondo.

29 de abril de 1990

Visitaron a cidade as donas e acompañantes dos participantes na XXIII Convención Nacional de Clubes de Leóns de España. Foron recibidos no Concello polo concelleiro D. Manuel Justo Vázquez Mínguez.

30 de abril de 1990

Dous mozos atracaron unha entidade bancaria en Betanzos de onde levaron 345.000 pts., sendo apresados dous horas máis tarde en Haciadama-O Burgo.

4 de maio de 1990

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Delegado de Festexos, D. Manuel J. Vázquez Mínguez, o Presidente da SRCD. de Betanzos, D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, presidiu a inauguración dunha mostra de debuxos de Xaquín Marín, organizada pola SRCD, sendo presentada polo debuxante Siro López.



6 de maio de 1990

O Ministerio de Traballo ven de dar a súa aprobación á posta en marcha na nosa cidade dunha Escola-Taller que abrará cinco especialidades e que terá unha duración de tres anos, sendo o seu presupuesto superior ós 300 millóns de pts. Dará comezo o día 1 de setembro e contará con 75 alumnos, ademáis do persoal docente e administrativo necesario.

11 de maio de 1990

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar unha conferencia a cargo do escritor Carlos Casares, sobre o tema "Un escritor galego polo mundo". Formou parte dos actos programados polo Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" con motivo da primeira edición do Premio de Poesía e Relato Curto, que patrocina o Concello, a Deputación e a Dirección Xeral de Política Lingüística.



17 de maio de 1990

Con motivo do Día das Letras Galegas, adicadas ó poeta lucense Luis Vázquez Fernández-Pimentel, tivo lugar na Sala Capitular do Concello a presentación dunha publicación adicada a este poeta. Fixo a mesma o Profesor de Lingua Galega do Instituto "Francisco Aguiar", D. Xosé M. Montero. Presidiu o acto o Tenente de Alcalde e Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez ó que acompañaban membros da Corporación Municipal.

18 de maio de 1990

Organizada polo Comité de Solidaridade con América Latina tivo lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia unha conferencia a cargo do sacerdote D. Manuel Espiña Gamallo, sobre o tema "O Salvador: situación actual do conflito".

20 de maio de 1990

Tivo lugar a IX edición da Volta Ciclista á Comarca Brigantina, organizada polo Club Ciclista Betanzos e na que participaron 9 equipos galegos con máis de 100 corredores, que cubriron un duro percorrido de 130 km., sendo a saída e chegada na Praza do Campo, logrando o primeiro posto Roberto Fidalgo López, do Club Ciclista Cortizo de Padrón.

21 de maio de 1990

Nun acto presidido polo Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez, ó que acompañaban o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, membros da Corporación Municipal, o Arquiveiro-Bibliotecario, D. Alfredo Erias Martínez, e outras representacións do mundo da cultura, así como público en xeral, foi inaugurada na sala de mostras do Edificio Arquivo a IV Mostra Documental de Betanzos, organizada polo Concello e na que se mostraron múltiples aspectos do pasado local.

24 de maio de 1990

Tivo lugar en Bos Aires a inauguración da nova sede do Centro Betanzos. Allí estaba o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban un grupo de persoas do Concello e Comarca. O acto estivo presidido polo Cónsul de España en Bos Aires, ó que acompañaban o noso Alcalde, diversos presidentes das colectividades galegas na Arxentina, Xunta Directiva do Centro Betanzos e demais personalidades. A continuación o Alcalde pronunciou unha conferencia baixo o título "Betanzos e Galicia hacia o ano 2000", descubríndose seguidamente unha placa conmemorativa do acto. Abaixo, diversas fases do acto. Diante do moimento a Castelao, á entrada do novo edificio, o Alcalde de Betanzos e o Presidente do Centro Galego de Bos Aires, D. Alvaro Campos.

IV MOSTRA DOCUMENTAL DE BETANZOS


EXMO. CONCELLO DE BETANZOS
Arquivo Municipal

EDIFICIO ARQUIVO
21-31 de Maio de 1990

INAUGURACIÓN

Día 21 ás 20 h. da tarde

LUGAR-SERVIZOS: 19-21 h.
Sábados e festivos: 12-14 h.



Na foto: IV Mostra Documental de Betanzos, inauguración, ante o Edificio Arquivo. D. Manuel Lagares Pérez, Presidente do Centro Galego de Buenos Aires, D. Alvaro Campos, Presidente do Centro Betanzos.



27 de maio de 1990

Foi restaurada a Fonte de Diana, así como o Palco da Música. Con tal motivo, o Concello organizou un concerto a cargo da Banda de Música do Goberno Militar da Coruña.

31 de maio de 1990

No Pleno da Corporación Municipal celebrado neste día, tomou posesión do seu cargo de Concelleiro, D. Manuel Rivera Pedreira, en representación do grupo CDS., designado pola Xunta Electoral Central, en sustitución de D. José H. Loureda Pereira.

31 de maio de 1990

A proposta do Delegado de Seguridade e Servicios, D. Antonio Carro Galeiras, no Pleno da Corporación Municipal aprobouse por unanimidade un convenio de colaboración entre o Concello de Betanzos e a Cruz Bermella Española Local, así como a concesión dunha subvención de 250.000 pts. anuais pola prestación dos servicios que se especifican no convenio de colaboración. Tamén a cesión do local municipal que se atopa adosado ó edificio da Telefónica, para ubicación da entidade local da Cruz Bermella Española.

2 de xuño de 1990

Tivo lugar na Praza do Campo o "VI Día da Muíñeira", organizado pola Asociación Folklorica "Pasiño a Pasiño" e patrocinado polo Concello. Ver asociacións culturais.

3 de xuño de 1990

Segundo indicou neste día o Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello, D. Antonio Lagares Pérez, a depuradora de residuos urbáns da cidade, funcionará a pleno rendemento no prazo de unha ou dúas semanas, ata agora en período de proba. Coa súa posta en marcha tomaranse medidas restrictivas para as industrias que realicen vertidos na ría. A rede de saneamento integral comenzara a executarse en xaneiro de 1989 de acordo cun presuposto superior ós 365 millóns de pesetas, e financiada pola COTOP.



D. Manuel Rivera Pedreira



17 de xuño de 1990

Celebrouse na Praza do Campo a "Festa do Deporte", organizada pola Delegación Municipal de Deportes en colaboración coa Agrupación Deportiva Ludisport e o profesorado das Escolas Deportivas Municipais. Durante o transcurso da mesma fixéronse diversas demostracións deportivas. Contou con gran número de participantes (os que se lles fixo entrega dun obsequio conmemorativo) así como de público.

17 de xuño de 1990

Por medio dunha resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispouse a creación dun Conservatorio de Música non estatal, de grado elemental, dependente do Concello de Betanzos, reconécese a validez académica do ensino impartido no mesmo.



20 de xuño de 1990

Foi recibido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e demás membros da Corporación Municipal na Casa Consistorial o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreira, nunha visita institucional realizada a Betanzos. Logo da recepción oficial, o Alcalde espuxo ó titular do organismo provincial unha serie de proxectos que van ter lugar no noso Municipio. Posteriormente a comitiva realizou unha visita ás obras executadas recentemente e incluídas nos plans provinciais, rematando esta xornada de estancia cun xantar de traballo.

21 de xuño de 1990

O Pleno da Corporación Municipal aprobou o presupuesto para o ano 1990, por un importe total de 665 millóns de pesetas.

21 de xuño de 1990

Por unanimidade dos asistentes, o Pleno da Corporación Municipal aceptou a renuncia ó cargo de Concelleiro de D. Luís Sánchez González do Grupo Popular.

23 de xuño de 1990

Dase conta públicamente da entrevista mantida entre o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e o Presidente da Asamblea Local da Cruz Bermella, D. Juan Suárez Barros, na que trataron da posible construcción dun edificio que albergase as dependencias do dito organismo en Betanzos. Na mesma o Presidente da Asamblea Local informou da concesión dunha subvención por parte da Xunta de Galicia para realizar este proxecto, mostrando o Alcalde a boa disposición do Concello para a cesión dos terreos.

24 de xuño de 1990

Tivo lugar na Catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano estivo a cargo da Cidade de Betanzos a través do seu Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, quen como Delegado Rexio da Cidade dos Cabaleiros realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne na que actuou a Coral Polifónica de Betanzos. O Alcalde e os demás membros da Corporación Municipal foron a Lugo acompañados pola Coral Polifónica, e a Agrupación Folklórica "Pasiño a Pasiño", ademais dunha gran cantidade de betanceiros. Esta ofrenda, que se atopa na súa 321 edición, corresponde a facela cada ano a unha das sete cidades do Antigo Reino de Galicia que no ano 1669, tomaron o acordo de sufragar os gastos de alumado do Santísimo Sacramento, previa autorización do Cabildo da Catedral.



Señor:

Estou hoxe diante de Ti, como Alcalde de Betanzos, representando a Galicia antiga, mais tamén a do presente e áinda a do porvir.

Como fixeron os nosos devanceiros, veño a pregarche que a Túa Presencia se deixe sentir permanentemente na nosa terra.

Traio unha chea de esperanzas e ilusións que che ofrezo como a mellor cousa que temos, pois condensa a nosa fe en Ti e en Galicia. Tráioche a vontade de todos para traballar xuntos por unha meta común na que teñen que convivir fructíferamente as nosas raíces co progreso, ó que estamos chamados.

Non pode haber un avance positivo na historia se se perde de vista a esencia do que fomos, o que nos distingue culturalmente. Por iso estou aquí, xunto ós meus irmáns de séculos. Porque estas cidades representaban no pasado ó Antigo Reino de Galicia, todo el sin exclusións, e hoxe, dalgún xeito áinda o representan, pois neste acto non só hai pasado, senón que tamén hai unha realidade actual, hai un escudo imperecedero no que toda Galicia, representada nestas sete cidades vellas, está contigo.

Galicia ten un ser específico, non hai confusión posible, nin no aspecto xeográfico nin no cultural. Pero o noso ser, a nosa identidade, foi atacada secularmente e áinda hoxe temos moito que facer por restaña-las vellas feridas.

Pídolle, no nome de todos, que nos axude a conservar e mellora-la heranza dos devanceiros, de tal maneira que non se arruine a paisaxe, nin a lingua, nin os nosos monumentos culturais, nin as tradicións, nin todo aquello que xunque ó noso pobo.

Que protexas a tódolos galegos, e dun xeito especial a todos aqueles que máis o necesitan: ós enfermos, ós marxinados, ós nosos maiores, ós xóvenes e, en xeral, ós más desfavorecidos, para que coa túa axuda poidan encontrar a súa identidade e conducirse axeitadamente.

Que nos des acerto na elección dos vieiros polos que terá que camiñar no futuro a nosa Comunidade.

Para rematar, pídolle o de sempre: pan e traballo, para que os galegos poidamos vivir onde nacimos e as bágoas das despedidas non aneguen os nosos corazóns. E dado que estou convenido da Túa xenerosidade, moitas gracias, no nome de tódolos galegos.


Manuel Lagares Pérez

26 de xuño de 1990

Debido a unha invitación realizada polo Rector da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, D. Ernest Lluch ó Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, éste estivo presente no acto de apertura do curso académico 1990-1991 da Universidade, que tivo lugar no Paraninfo da Magdalena, en Santander e que contou coa asistencia de relevantes personalidades da arte, a cultura e a política; entre os que cabe destacar a do ex-Presidente da República Arxentina, D. Raúl Alfonsín, así como do Ministro de Educación e Ciencia, D. Javier Solana. O Alcalde foi acompañado do Delegado Municipal de Cultura, D. Francisco M. Díaz Pereira e aproveitaron esta ocasión para invitar ó Rector da UIMP a que visite a nosa cidade.



D. Manuel Lagares Pérez con D. Ernest Lluch.



26 de xuño de 1990

Pola mañá foron recibidos no Concello un grupo de ciclistas abulenses que fan o percorrido Ávila-Santiago, por parte do Delegado Municipal de Festexos, D. Manuel J. Vázquez Míguez, acompañado do Tenente de Alcalde, D. José Domínguez Rivas.

Xuño de 1990

No transcurso dunha asamblea xeral, D. Francisco Casal Espiñeira foi reelexido Presidente do FC Brigantium por un novo período de catro anos.

Xuño de 1990

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, reuníronse na Coruña co Director Xeral de Costas do MOPU, D. Fernando Palau e co Delegado Provincial da COTOP, D. Jesús Almuíña, cos que foron tratados diversos temas de interés para o Concello, como distintos convenios que afectan ás normas urbanísticas e a recepción das obras de saneamento integral de Betanzos e mellora do cauce do Río Mandeo.

7 de xullo de 1990

Baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban membros da Corporación Municipal, diversas autoridades e personalidades relacionadas coa cultura, tivo lugar na Sala Capitular do Concello a inauguración do certame "II Bienal de Pinturas Cidade de Betanzos". Nela participan arredor de 300 obras de grandes dimensións e feitas con materiais resistentes ós axentes climatolóxicos, que forman unha particular mostra ó aire libre e dan maior vistosidade



os vellos balcóns do casco histórico da cidade. Está organizada polo Concello e a Galería Brita Prinz de Madrid, contando co patrocinio do propio Concello, Deputación Provincial e Xunta de Galicia.

8 de xullo de 1990

Aparece na prensa a noticia de que días pasados o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, mantivo unha entrevista co Conselleiro de Agricultura da Xunta de Galicia, D. José Manuel Romay Becaría, sobre diversos temas de interés local.

9 de xullo de 1990

Tivo lugar a apertura oficial do Curso Internacional "Gráfica 90" no Edificio Arquivo, que durante este mes acolle a 70 alumnos nacionais e de fóra, baixo a dirección do artista brigantino, D. Xesús Núñez. O curso está configurado por catro talleres e paralelamente ó mesmo tamén terá lugar unha mostra titulada "Gráfica 85-89" que recolle os traballos realizados polos propios alumnos nas cinco primeiras edicións do curso. A clausura do curso terá lugar o 31 do mesmo mes coa entrega de certificados acreditativos.



Xullo de 1990

Dase a coñecer públicamente a edición dun folleto titulado "Betanzos Modernista", patrocinado polo Concello e Caixa Galicia e realizado por algúns profesores e alumnos do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" da nosa cidade.

17 de xullo de 1990

Nunha viaxe a Madrid, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, mantivo unha entrevista co Director Xeral de Servicios do Ministerio de Xusticia, D. Ramón Jiménez de Muñana Campa e co Inspector Xeral de Servicios do Ministerio, D. Javier Varela Tejedor, na que se tratou dos trámites a realizar polo Ministerio de Xusticia encol do proxecto de rehabilitación do antigo Hospital de San Antonio.

14 de xullo de 1990

Faise eco a prensa provincial da xubilación dun dos homes máis populares e queridos de Betanzos, o funcionario municipal D. Ernesto Lesta Vázquez, que durante 33 anos foi o encargado das labouras do cemiterio. A súa cordialidade e bo humor, así como o agarimo con que coidaba daquel lugar, fixo que todos tivéramos un gran aprecio por el. Tal como o fixo moita xente, desde o Anuario Brigantino manifestámoslle tamén o noso recoñecemento.



26 de xullo de 1990

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, foi presentado na Sala Capitular do Concello o número 12 do Anuario Brigantino, por parte do Antropólogo Social da Universidade da Coruña, D. José Antonio Fernández de Rota y Monter. No acto estaban presentes o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz, membros da Corporación, o director da publicación, D. Alfredo Erias, e numeroso público.





27 de xullo de 1990

Hoxe tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha recepción ó Club Ciclista de Betanzos con motivo do décimo aniversario da súa constitución. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, e contou coa presencia da Xunta Directiva do citado club e demais membros do mesmo.

29 de xullo de 1990

Aparece no Correo Gallego o traballo titulado "O Arcebispo Raxoi e o seu tempo", do que é autor o betanceiro e colaborador do Anuario Brigantino, D. Xesús Torres Regueiro. O mesmo periódico, o 22 de agosto farfase eco do primeiro premio (consistente en diúascentas mil pts.) que o dito autor levaría por ese traballo. Foille concedido polo Concello de Pontedeume dentro dos actos de conmemoración do terceiro centenario do nacemento do Arcebispo Raxoi. Desde o Anuario Brigantino, a nosa felicitación por este éxito.



O CONCELLO BETANCEIRO

PRESUPUESTO FESTAS PATRONAIS DE BETANZOS 1990 AGOSTO 1990



3 de agosto de 1990

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello a presentación oficial do Programa de Festas Patronais San Roque 90, acto que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban a Presidenta da Comisión de Cultura e Delegada de Benestar Social, D^a M^a Asunción Sánchez Vázquez e o Delegado de Festexos, D. Manuel J. Vázquez Miguez. O Alcalde indicou que o presupuesto das festas ascende a 12 millóns de pts. O cartel, pegatinas e programa foron deseñados por D^a Alicia López Wolf, alumna de "Gráfica". No mesmo acto déronse a coñecer os nomes dos agraciados cos premios "Garelos 90", que teñen como finalidade premiar a laboura das persoas e institucións que destacaron ó longo do ano nos campos da cultura, os deportes e a economía. Así mesmo o Alcalde presentou o nº 4 de "O Concello Betanceiro", coa programación das festas e outras informacions.

3 de agosto de 1990

Tivo lugar a reapertura ó público do paseo da Alameda, remodelada de maneira artesanal, de acordo cun presuposto que superou os 20 millóns de pts., financiados entre o Concello, INEM e COTOP.

3 de agosto de 1990

O estudio médico "Brigantium", que se desenvolve na zona de Betanzos, patrocinado polo programa "Euronut" da Comunidade Europea, ten iniciados tres proxectos que se levarán a cabo ó longo deste ano e que foron presentados oficialmente neste día polo Doctor Castro Beiras no Pazo de Mariñán e serviu para clausurar o curso sobre cardiopatías organizado polo UIMP.

3 de agosto de 1990

No Pleno da Corporación Municipal tomou posesión do cargo de Concelleiro, D. Manuel José Basteiro Fernández, do Grupo Popular, que foi designado pola Xunta Electoral Central en sustitución de D. Luis Sánchez González.

12 de agosto de 1990

Inaugurouse oficialmente o Estadio Municipal "García Irmáns" da nosa cidade, co encontro amistoso de fútbol entre o Deportivo da Coruña e o CF Brigantium. Asistiu o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, outros membros da Corporación, demais autoridades e gran concurrencia de público. No mesmo foi presentada a plantilla oficial do Brigantium para a vindeira temporda.



D. Manuel J. Basteiro.



14 de agosto de 1990

Inaugurouse no Edificio Arquivo unha mostra de debuxos do betanceiro Antonio Palla. O acto contou coa presencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Pregoeiro das Festas, D. Antonio Álvarez Solís, membros da Corporación, diversas representacións e público en xeral.

14 de agosto de 1990

Nun brillante acto na Praza da Constitución, que contou coa presencia de centos de persoas, tivo lugar a coroación da Raíña das Festas Patronais, S^a Adela Ruiz Caabeiro por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez en presencia dos membros da Corporación Municipal, autoridades e diversas representacións. A continuación desde o balcón da Casa Consistorial, o escritor e periodista D. Antonio Alvarez Solis deu lectura ó pregón das festas. Seguidamente na Sala Capitular do Concello



tivo lugar unha recepción á raiña das festas, ás súas damas de honra e acompañantes así como ás autoridades presentes. Rematouse o acto coa entrega dos premios ós gañadores do II Concurso Literario "Cidade de Betanzos" (1º, D. Manuel Riveiro Loureiro; 2º, D. Marcelo Doval Suárez; 3º, D. Francisco Iglesias González), a entrega dos "Garelos 90" e a entrega dos premios ós gañadores do concurso de pintura "Balconadas 90 -Cidade de Betanzos-" (1º, Dª Rosa Vázquez).

Premios "Garelos 90": Arte e Literatura, D. Jesús Núñez; Deportes, Club Santo Domingo de Baloncesto; Empresarial, Terrazos Riego. Concedeuse un "Garello Especial" á Familia Pita, constructora do tradicional Globo de San Roque e rexentadora da empresa centenaria Teatro Alfonsetti.

Pregón das Festas

Señora; Reina de las fiestas de Betanzos: Nada puede satisfacer más a un viejo caballero que dedicar su primer saludo en esta hermosa ceremonia a quien representa no sólo a la belleza sino a la belleza joven que, entre otras entrañas emociones, suscita la de la esperanza.

Sr. Alcalde de Betanzos, mi admirado Alcalde, ilustrísimas autoridades aquí presentes; Sr. Presidente de la Comisión de Fiestas.

BETANCIEROS:

Cuando se me invitó a pronunciar este pregón, que ha de poner pórtico pretendidamente literario a las entrañas fiestas de San Roque, me pregunté de inmediato a qué santo venía –dejando a San Roque aparte– el que yo hablara en suceso tan entrañable para vosotros. Y encontré una razón, una sola, que justificara mi aceptación como pregonero: el hecho de que por mis venas anda siempre nostálgica mi media sangre gallega –aunque sé que no se puede ser gallego a medias– y la impronta que dejó en mi vida la juventud que en estudios y alegrías pasé con vosotros. Me diréis acaso que ninguna de las dos cosas es motivo suficiente para que me distingáis con el encargo que hoy me hacéis de descorrer con la palabra inicial la luz de la fiesta. Pero dejadme que, al respecto, os haga llegar media docena de palabras más. Quiero creer, ante todo, que en este momento represento, aunque con infinita y explicable humildad, el mito del

eterno retorno, que tengo para mí que ha de ser mito sustancialmente gallego. Mito, además, importantísimo hoy, en que tantas veces quiere trastornársenos el ánimo con el radical y sospechoso dogma de la modernidad desarrraigada de todo pretérito. Pues bien, los gallegos sabemos, con una extraña y mágica sabiduría, hija de una cultura que subyace a las rías y a las montañas, que nada satisfactorio hallaremos en el porvenir si no tocamos con los dedos, al menos de vez en cuando, lo que ha hecho de nosotros aquello que específica e insobornablemente somos. Por ello los gallegos estamos permanentemente regresando, ante todo a nosotros mismos, en ese encuentro con lo que otras razas llaman el pasado hallamos los gallegos, con el presente, nada menos que el futuro. Nuestra vida es un *continuum* en el que apenas se detectan fronteras de separación, incluso, como sabéis, entre la vida y la muerte. Nuestros grandes maestros en la filosofía, en la literatura de invención, en el saber histórico siempre nos han enseñado que un gallego es todos los gallegos en una permanente hipóstasis que trasciende al tiempo. ¡Que quieta tenemos el alma y cuánto viajamos por ella!

Pues por eso estoy aquí, hoy, con vosotros. Porque me habéis encargado el ejercicio del retorno tras muchos años de aventura diversa. Porque quizás pretendáis poner ante todos los ojos –sobre todo extraños– el ejemplo vivo de cómo un gallego necesita, aún con mis largos años de ausencia, sentirse otra vez en comunión profunda con todo lo suyo, con su sangre y sus cavilaciones raciales para poder seguir el camino hacia donde sea. Y aquí estoy, haciendo el gnóstico ejercicio de reinventarme en la permanente seguridad de lo que soy.

Pero ¿cómo se reencuentra el gallego con él mismo acertando con el exacto camino que lo lleve a este íntimo y deslumbrante encuentro? Pues por la fiesta. Concepto para nosotros fundamental. Mediante la fiesta el gallego se funde epifánicamente con sus dioses –iasf San Roque me perdón, pero me entiende!– y con la espuma de esos dioses, construidos por el agua, se amasa a sí mismo hasta sentirse a medias hombre, a medias ángel y a medias demo. En la fiesta el gallego ama con todos los sentidos. En la fiesta el gallego consagra solemne e irónicamente el vino a la risa. En la fiesta el gallego oficia de diserto, haciendo de la palabra el sutil principio productor del mundo. Fiesta como consagración panteísta al paisaje que jamás nos deja solos. Fiesta en la que el recuerdo de los que fueron se funde de tal forma con los que somos que cuesta distinguir a unos de otros. Cuando estalla la fiesta todos los gallegos acuden al gran encuentro que queda fuera del tiempo.

Hoy toca la fiesta vuestra. **Betanzos**, ciudad de los caballeros, ciudad lustral de Galicia, al fondo de su ría, con una historia que la sitúa con vigor en un presente robustamente cultural y popular gracias al Alcalde de Betanzos, decide en este momento iniciar la gran liturgia de sus carnalidades antiguas y sabias, de sus espiritualidades viejas y escépticas. Todo será posible a partir de ahora. De nada temeremos. Ningún pánico malogrará nuestro gozo.

Amigos betanceiros: por nada del mundo me alejaría esta semana de vosotros. Pasado mañana veré elevarse a los cielos el **gran globo** que nos recuerda al espíritu de don **Claudino Pita**, que tan bien supo explicarme mi inolvidable **Francisco Vales Villamarín**. Un globo; un fenomenal globo. De papel. Y dentro, de aire. ¿Verdad que parece el tal ingenio cosa leve y evanescente? Pues Galicia es así: leve y evanescente. Pero año tras año se eleva hacia los cielos poniendo entre su propósito y el mundo la gran coartada de la fiesta. Irónica Galicia ¡qué sólida eres!

Con vosotros estaré en la romería de los **Caneiros**. Quiero revivir aquel regreso en la anochecida, sobre el **lanchón saturnal**, las luces cabrilleando en la ría, la mesa abastecida, el vino pronto, las **mujeres hermosas**, los **hombres decididos**, los espíritus propicios. A veces, a bordo del lanchón –cuando yo andaba en juveniles amores por aquí– notaba un vientecillo fugaz y fresco y entonces, como me había enseñado el maestro **Cunqueiro**, me apresuraba a saludar al gallego antepasado que en él cabalgaba invisible, el presente de la fiesta. Nada me asustaba de todo ello porque en esta tierra andamos unos y otros, presentes y supuestos ausentes, tan mezclados que sería locura o bobada darse a la sorpresa o al temor.

No; no me iré de vosotros sin que me sentéis frente a una **tortilla** suave, vaporosa, duradera en el recuerdo como la mano audaz de una mujer honesta. A veces, cuando me enfrento a las nuevas cocinas –de las que no maldeciré, sin embargo– recuerdo la tortilla betanceira y los ojos

se me llenan de lágrimas pesadas y lujuriosas. Esa tortilla que ha de dejarse deslizar por las fauces, con olvido del elemental y agresivo diente. Esa tortilla que inclina luego al amor de mujer. Aunque he de reconocer que a nosotros los gallegos, todo absolutamente todo, nos inclina al amor de mujer.

Pienso enfrentarme a la tortilla betanceira con un vino joven de la tierra, discretamente mineral, suavemente amarornado por la brisa atlántica que dora apenas las vides. Y cuando el lanchón arribe al **Puente Viejo** nada de mi cuerpo me será ajeno y toda la piel se me podrá leer como un libro caliente, verdadero, aunque complejo. Dicen a este respecto que los gallegos no somos claros; claros de esa claridad que es demasiado simple y demasiado llana. Quizá no somos claros; pero es que llevamos la vida por fuera, entregada al quehacer de los huesos, a las dudas de la sangre, al deseo de los músculos y todo eso, que es la vida, resulta siempre demasiado rico para ser claro. Eso de la claridad, simple y catequística, queda para tierras místicas y escasas, con el hombre más allá de sí mismo, ajeno a sus deseos pánicos. Tierras en que la fiesta, está fiesta, no es verdadera. Tierras sin culto a la piel y al amor caliente. Tierras sin el esplendor panteísta y genesiaco de la vuestra, mis queridos betanceiros. No; decididamente los gallegos no somos claros, pero resultamos transparentes. Los que habitan, como nosotros, un boreas paradojal ya saben qué quiero decir exactamente. Un boreas paradojal: ese viento que, venido del norte, consigue calentarnos el deseo.

Y ahora una última petición antes de dejaros en los brazos de este *gaudeamus* que nos encenderá la pupila y aún partes igualmente nobles del cuerpo de las que, sin embargo, hemos de hablar con convencional discreción; una última petición: alegraos con decisión antigua, con voluntad vieja, con propósito ancestral. No os dejéis tentar por los duendes insidiosos de la modernidad en este aspecto. Porque la piel, el corazón y los deseos tributan, cuando son felices y se sienten confortablemente acontecidos, a propósitos que sólo muy despacio cambian en el corazón de los hombres. Haya modernidad para el servicio del ser humano, libertándole de esfuerzos y carencias materiales; pero **haya tradición para la fiesta**. Todo puede cambiar deprisa menos la fiesta. Yo sé que eso lo entendéis vosotros. Por eso, en un cielo surcado por exhalaciones de metal vosotros seguís proyectando vuestro gran globo de papel. Ingenio leve, fantasía deliquescente, imaginación sutil, puñado de aire cálido que sube despacio y gozosamente. ¡Menester antiguo este de gallegos, betanceiros!

Que la fiesta os sea, nos sea, propicia. Felicidades a todos.

Como siempre, desde hace cinco siglos: *Saúde, felicidade e boas festas.*

ANTONIO ÁLVAREZ SOLÍS



15 de agosto de 1990

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raiña Infantil das Festas Patronais San Roque 90, realizado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez na persoa da rapaciña Consolación Espiñeira González, A continuación a moza brigantina, Dª Inés Lareo Sánchez, dou lectura ó Pregón Infantil e seguidamente o Alcalde e membros da Corporación Municipal ofreceron unha recepción na Sala Capitular á raiña infantil, ás súas damas de honra, acompañantes e autoridades presentes. Rematado o acto, o Alcalde e a Corporación, acompañados de diversas autoridades e representacións, participaron na misa e procesión en honra da Co-Patrona da cidade na Igrexa Parroquial de Santa María do Azougue.

Función do Voto (16 de agosto)

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Señor San Roque:

Novamente me corresponde, como Alcalde de Betanzos, presentarxe esta ofrenda do noso pobo que, dende fai máis de cinco séculos che adicamos, e que é a manifestación dun pobo, recoñecido a quén, en momentos de gran dificultade pola peste que nos asolaba, prestounos auxilio, protección e axuda.

Betanzos é un pobo agradecido, e por iso, recordamosche cun especial cariño que neste momento che queremos testimoniar e manifestar novamente, o traveso desta invocación que, trata de continuar cunha tradición solidaria iniciada polos nosos devanceiros, e que terá continuidade nos longos anos da Historia.

Nesta cidade, que pola súa antigüedad coñeceu o influxo das máis diversas civilizacións, a convivencia e a solidaridade que Tí practicaches, segue a ser a norma da nosa conducta, e, eu pídooche, que afondes no ánimo de todos los betanceiros, para que a práctica destes valores xunto ós da Xusticia, Caridade, Paz e Liberdade, estén presentes nas diversas manifestacións de todos os cidadáns, para conquerir un Betanzos onde todos los betanceiros teñamos un sitio digno e poidamos cumplir axeitadamente as misións que constitúen a esencia fundamental do ser humano.

Protexe especialmente a nosa xuventude nestes momentos en que os xóvenes expoñense a tantos peligros que, constantemente, tratan de desvia-los do camiño que Tí nos enseñache, arriscando a súa saúde, o seu propio ser a normal convivencia da familia e da sociedade. Igualmente axuda e fai felices ós anciáns para que, despois dunha vida de esforzo na construcción da sociedade, encontren o recoñecemento e o cariño que merecen. E prestarlle a maior atención a todos aqueles que teñen máis necesidade do teu amparo: ós enfermos, ós parados, ós humildes ós más necesitados e, en xeral, ós más desfavorecidos.

Amigo e protector dos betanceiros e galegos: desexo que o millor dos nosos festexos serva para testimoniar a nosa gratitud hacia Tí e que nos sigas guiando e protegendo como sempre o fixeche. ¡Moitas gracias!

Manuel Lagares Pérez



16 de agosto de 1990

O acto más espectacular do principal día das festas, como é tradicional, foi o lanzamento desde a Torre de Santo Domingo, na Praza do Campo, ás doce da noite, do xigantesco GLOBO DE PAPEL, que dende hai 114 anos é feito pola Familia Pita. A súa elevación xuntou na nosa cidade a miles de persoas.



18 e 25 de agosto de 1990

Como é tradicional nestes días tiveron lugar as xiras fluviais ós Caneiros, que contaron cunha grande asistencia de barcas engalanadas que sucaron as augas do río Mandeo.

23 de agosto de 1990

Ven de saír ó público o libro "La Televisión Dominada", do brigantino D. Francisco Iglesias González, profesor da Facultade de Ciencias da Información na Universidade Complutense de Madrid.



26 de agosto de 1990

Como colofón ás festas patronais San Roque 90, tivo lugar na nosa cidade a "I Mostra Folklórica Popular", organizada pola Comisión de Cultura do Concello. Nela participaron un gran número de grupos folklóricos que primeiramente foron recibidos na Casa Consistorial polo Tenente Al-

calde e Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez ó que acompañaban o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e o Delegado de Festexos, D. Manuel J. Vázquez Míguez, facéndolles entrega duns obsequios conmemorativos deste primeiro encontro. Posteriormente, en vistosa comitiva, foron baixando ata o adro de Santo Domingo, onde tivo lugar a actuación dos grupos participantes, entre os que se atopaban, o "Rancho Folclórico da Casa do Povo" de Godín (Regua, Portugal), a "Agrupación Pasiño a Pasiño" de Betanzos, etc.

30 de agosto de 1990

Tivo lugar no Campo do Carregal un emotivo encontro de fútbol-homenaxe a D. Manuel Bugaña Cao, "Manucho", entre o primeiro equipo do Brigantium e unha Selección das Mariñas. "Manucho" fora xogador do Brigantium nos seus anos mozos e durante tres décadas foi "conserxe" e "utillero" do mesmo club.

2 de setembro de 1990

A Delegación de Educación do Concello ven de convocar unhas axudas económicas para a compra de libros e material escolar para alumnos de EXB matriculados no Colexio Público "Francisco Vales Villamarín".

8 de setembro de 1990

Tivo lugar no Santuario de Nosa Señora do Camiño da nosa cidade, a tradicional "Romaría dos Remedios", que como tódolos anos acolleu gran número de romeiros, tanto da nosa cidade como de fóra, que cumpren vellas promesas ou imploran novos favores á Virxe.




14 de setembro de 1990

Baixo a Presidencia do Alcalde, D. Masnuel Lagares Pérez, acompañado polo Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, o Sr. Rovira (en representación de "Ediciones Encuentro"), personalidades da arte e a cultura e público en xeral, tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración da mostra "El Románico: primer lenguaje común europeo", organizada polo Concello e "Ediciones Encuentro" e formada por uns 400 paneis didácticos e fotografías de toda Europa.

14 de setembro de 1990

O Pleno da Corporación Municipal aprobou unha moción do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente relativa ó proxecto de ampliación do Paseo do Carregal (1ª fase), redactado polos servicos técnicos municipais, así como solicitar da Xunta de Galicia a súa colaboración neste tema.



17 de setembro de 1990

Ás 9 da mañá tivo lugar o acto de apertura da Escola-Taller Betanzos nas instalacións provisionais ubicadas na Feira do Gando. É unha realidade que nace dun programa de colaboración suscrito entre o INEM e o Concello de Betanzos.

19 de setembro de 1990

O Concello editou un traballo do Cronista Oficial da Cidade, D. José Raimundo Núñez Lendoiro, relativo ó "V Centenario das Ordenanzas Municipais da Cidade", que foran pregoadas na Praza Pública o 14 de xuño de 1490.

20 de setembro de 1990

Nestes días deu comenza na nosa comarca a vendima, que se presentou bastante desigual, co que, sen ser das peores, non alcanzaría as cotas do pasado ano.

29 de setembro de 1990

Os Delegados Municipais de Cultura, D. Francisco Diaz Pereira, e de Festexos, D. Manuel Justo Vázquez Miguez, asistiron en Madrid a unha reunión da Asamblea de Alcaldes para o "V Centenario



rio", no Colexio Maior Hispanoamericano "Nuestra Señora de Guadalupe". No transcurso da mesma fixose entrega á representación brigantina da Bandeira da Hispanidade momento que recolle a fotografía), concedida ó noso Concello polo referido colexio. Así mesmo na asamblea e por parte da Comisión Xestora procedeu á elección da Xunta Directiva, da que foi electo membro o Alcalde de Betanzos en representación da Comunidade Galega. Outro acordo foi que a nosa cidade vai ser sede dos III Encontros de Alcaldes para o V Centenario, que terá lugar na primavera do vindeiro ano.

22 de setembro de 1990

A Editorial Lex Nova editou o libro "La responsabilidad profesional del graduado social", de 250 páginas, do que é autor o conocido Abogado brigantino (ademas de Graduado Social e Profesor da "Escuela Social" da Coruña), D. Antonino Vázquez Bonome, autor, así mesmo, de outros libros e traballos de carácter xurídico. O presente libro é un manual imprescindible para todo graduado social e ven encher un valeiro neste campo.

1 de outubro de 1990

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, reuniuse en Santiago co Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, D. Augusto César Lendoiro, co que tratou diversas melloras deportivas a levar a cabo na nosa cidade.

2 de outubro de 1990

Entrou en funcionamento a nova regulación de aparcamentos na Praza do Campo, polo que os vehículos que accedan a ela só poderán permanecer por un tempo máximo de 2 horas, estando os seus usuarios obrigados á adquisición das correspondentes papeletas de control, que para os residentes en Betanzos levan unha reducción do 50%, cando o aparcamento vaia ser de máis dunha hora, para o que deberán solicita-la tarxeta acreditativa no Concello.

4 de outubro de 1990

Segundo informa o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, nestes días comenzaron a executarse as obras de construcción de aceras na carretera do Mandeo, cunha dotación presupuestaria duns 26 millóns de pts., que serán aportados integralmente pola Deputación Provincial. Os traballos emmárcanse dentro da primeira fase de reforma da estrada Betanzos-Villalba. Ademais das aceras levará dotación de redes de saneamento e abastecemento de auga.

4 de outubro de 1990

Despois das xestións levadas a cabo pola Alcaldía, retirouse un pararrayos radioactivo ubicado no Colexio Público de EXB "Francisco Vales Villamarín, por parte de técnicos da empresa ENRESA.

5 de outubro de 1990

No transcurso dun acto celebrado na Sala Capitular do Concello e presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Delegado Municipal de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira e o Director da Escola Taller Betanzos, D. Justo Pedreira, tivo lugar a entrega duns lotes de libros para a Biblioteca da Escola Taller por parte da Deputación Provincial e da Fundación Pedro Barrié de la Maza, representados polo Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez e o Director da sucursal do Banco Pastor de Betanzos, D. Manuel Lozano Fernández.

5 de outubro de 1990

Deuse conta ó Pleno da Corporación Municipal dun acordo da Comisión Provincial de Urbanismo aprobando definitivamente o "Plan Parcial do Pasatempo".

9 de outubro de 1990

Visitaron a cidade o ata hai pouco tempo Delegado Provincial de FENOSA, D. José María Bustillo, o novo Delegado, D. Félix Quintero, así como o Delegado de Zona e Delegado de Betanzos. Foron recibidos no Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, mantendo unha conversa onde se puxo de manifesto a boa predisposición para colaborar as diñas entidades.

10 de outubro de 1990

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, tivo lugar na Sala Capitular do



D. Antonino Vázquez Bonome



Concello, a inauguración oficial da Escola Taller Betanzos, da que forman parte 75 alumnos de Betanzos e a comarca. A este acto asistiron diversas personalidades, como o Director Xeral de Escolas Taller, D. Valeriano Baíllo; o Gobernador Civil da Provincia, D. Ramón Berra Pereira; o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda e profesores e alumnos da Escola. En Betanzos impártense as especialidades de cantería, carpintería, forxa, xardinería e construcción (albanelería, electricidade, pintura e fontanería) e ademais os alumnos reciben clases de EXB, arte e psicoloxía.

17 a 21 de outubro de 1990

Nestes días tivo lugar na cidade de Córdoba a celebración do XVII Congreso Nacional de Cronistas Oficiais no que participou o Cronista Oficial da cidade, D. José R. Núñez Lendoiro. No dito Congreso, o Cronista presentou unha comunicación titulada "La Ciudad de Betanzos defiende sus privilegios ante algunas ciudades y villas andaluzas en el siglo XV. Los Reyes Católicos se pronuncian en favor de los brigantinos". Así mesmo, o Cronista foi portador do libro "Ponencias y Comunicaciones del XIV Congreso Nacional de Cronistas Oficiales" que tivo lugar en Betanzos no ano 1987 e que editou o Concello. O Cronista de Betanzos fixo tamén entrega dun obsequio ó Alcalde de Córdoba de parte do Alcalde da nosa cidade. Na Asamblea Xeral do Congreso, D. José R. Núñez resultou elexido vocal da Xunta Rectora da Asociación de Cronistas, sendo o primeiro representante de Galicia na cúpula directiva desta asociación que conta unicamente con cinco vocalías para toda España.

18 de outubro de 1990


A "avoia" de Betanzos, Dª María Juana Rosende López, cumpliu 102 anos e pese á súa avanzada idade, goza dunha excelente saúde.

22 de outubro de 1990

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración dunha mostra dos facsímiles da "Biblioteca Apostólica Vaticana". O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado doutros membros da Corporación Municipal, autoridades e representacións da arte e a cultura. Fixo a presentación o Sr. Rovira, representante de "Ediciones Encuentro".


24 de outubro de 1990

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, mantivo unha entrevista co Delegado Provincial da Con-



D. José R. Núñez Lendoiro

sellería de Educación, D. Francisco Pérez Díaz, na que trataron da dotación de máis profesorado para o Colexio Público de EXB, a posible construción dunha polideportiva cuberta para o mesmo, así como da necesaria aportación económica para diversos arranxos no dito colexio.



24 de outubro de 1990

Empezaron as obras de construcción da nova Ponte do Carregal, demoradas 6 meses por problemas derivados dos terreos necesarios para levar a cabo as obras. Conta cun presuposto de 34 millóns de pts. e está financiada pola Deputación Provincial.

26 de outubro de 1990

Baixo a presidencia do Alcalde, tivo lugar a inauguración no Edificio Arquivo da mostra "Viajar y Leer". De carácter itinerante, está patrocinada pola Deputación Provincial e constituida por un elevado número de libros e paneis.

Outubro de 1990

Gracias a un convenio establecido entre o FC Brigantium e o Concello, éste concedeu ó equipo local unha subvención de un millón de pts, incluindo a retirada por parte do Concello de 500 carnets de socios xuvenís para o seu reparto por parte da Delegación Municipal de Cultura e Deportes.

26 de outubro de 1990

O Arquiveiro Municipal de Betanzos, D. Alfredo Erias Martínez, ven de ser nomeado pola Xunta de Galicia Coordenador da organización de arquivos municipais das provincias da Coruña, Lugo e Ourense, contando con 26 "becarios", para outros tantos arquivos. Na Coruña: Laracha, Noia, Teo, Arzúa, Rianxo, Carnota, Camariñas, Zas e Ribeira-Muros. En Lugo: Vilalba, Chantada, Ribadeo, A Pastoriza, Cervo, Mondoñedo, As Nogais e Trabada. En Ourense: O Carballiño, O Barco, Allariz, A Rúa, Celanova, A Bola; Verín, Montederramo e Manzaneda.


4 de novembro de 1990

O Arcebispo de Santiago nomeou ó cura-párroco da parroquia de Santiago de Betanzos, D. José Antonio Fidalgo Santamaría, Arcipreste de Xan Rozo.

6 de novembro de 1990

Cun presupuesto de 5 millóns de pts. lévanse a cabo as obras de construcción dun parque público na Angustia, froito da colaboración Concello-INEM ...





7 de novembro de 1990

Deu comenza no Edificio Arquivo a exposición pública do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico da Cidade de Betanzos, que estaría aberta ata o 12 de decembro. A aprobación inicial deste Plan tivo lugar no Pleno da Corporación Municipal celebrado o 26 de outubro de 1990.



9 de novembro de 1990

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello, a sinatura dun convenio de colaboración entre Caixa Galicia e o Concello, polo que a entidade bancaria participará na organización de diversas actividades culturais que terán lugar no noso municipio.

9 de novembro de 1990

Na Sala Capitular do Concello foi presentado o libro "Ponencias y Comunicaciones del XIV Congreso Nacional de Cronistas Oficiales", coordenado polo Cronista Oficial da cidade, D. José R. Núñez Lendoiro. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Director Xeral de Caixa Galicia, D. José Luis Méndez, o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz, o Director do Banco Pastor de Be-



tanzos, D. Manuel Lozano, membros da Corporación, así como numeroso público. Este libro foi editado polo Concello en colaboración coa Deputación Provincial, Caixa Galicia e Banco Pastor.

13 de novembro de 1990

Un veciño de Pontedeume pechouse no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 1 da nosa cidade, despois de amenazar a unha funcionaria do mesmo cunha pistola de aire comprimido. Este peche tiña como motivo chamar a atención sobre unha denuncia que por suposta apropiación indebida de maquinaria formulara contra outra persoa.

26 de novembro de 1990

No Pleno da Corporación Municipal aprobouse o estudio previo do Paseo Marítimo Fluvial "As Arcadas do Mandeo", do que é autor o arquitecto D. Valentín Souto García, ascendendo o seu presupuesto a 179.404.876 pts.

27 de novembro de 1990

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, viaxou a Valladolid onde se reuniu co Alcalde daquela cidade, D. Tomás Rodríguez, que é ademais o Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias. Aproveitando que durante a súa estancia tiveron lugar en Valladolid unhas xornadas de funcionamento de escolas-taller, o noso Alcalde entrevisouse con altos cargos do Ministerio de Traballo ós que lles expuxo diversas ideas para unha posible ampliación da Escola-Taller Betanzos, que foron acollidas favorablemente.

28 de novembro de 1990

Tivo lugar un merecido homenaxe ós catedráticos do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar", Dª María del Carmen González Madrid e D. Luis Sevilla González, con motivo da súa xubilación. Neste homenaxe, no que se reuniron máis de 200 compañeiros, deuse lectura tamén ás adhesións de todo o país, posto que ámbolos dous desenrolaron a súa actividade docente durante 28 e 35 anos, respectivamente, dunha maneira ininterrumpida. Desde o Anuario Brigantino, onde tamén estamos alumnos seus, sumámonos con todo agarimo a esta homenaxe.



28 de novembro de 1990

Deu comezo na Casa da Xuventude o III Curso de Iniciación á Micoloxía, incluído dentro do Programa de Educación Medioambiental "Vive a Natureza", organizado polo Colectivo CEM, baixo os auspicios da Delegación Municipal de Cultura e Deportes en colaboración coa Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia.



29 de novembro de 1990

Tivo lugar no Pabellón Polideportivo Municipal a final do Trofeo Deputación de Baloncesto entre os equipos Oar Ferrol e Elosúa León. O Oar Ferrol foi o gañador, séndolle entregado o Trofeo por parte do Presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Manuel Regueiro Díaz. O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, fixo entrega do segundo trofeo ó Elosúa.



30 de novembro de 1990

Neste día foi enterrado D. Antonio Vía Amor, quen fora un prestixioso cantante, actuando con grandes orquestas como "Los Satélites". Dentro da canción melódica obtivo numerosos galardóns, como o primeiro premio do concurso de Radio Nacional de España, "Desfile de Estrellas", así como o primeiro posto do concurso "Salto a la Fama" de Radio Ferrol. A súa especial sensibilidade para os boleros fixo que fora coñecido como "o Lucho Gatica brigantino"



2 de decembro de 1990

O "Centro Betanzos" de Bos Aires conmemorou o 85 aniversario da súa fundación cunha serie de actos culturais, sociais e recreativos entre os que figuran a edición dun novo número da revista "Betanzos", a distribuir gratuitamente entre os asociados, entidades culturais da emigración e institucións galegas, de maneira especial ó Concello de Betanzos. O Centro Betanzos de Bos Aires é a entidade decana das entidades das súas características que os galegos teñen na Arxentina.



9 de decembro de 1990

Tivo lugar a visita institucional do Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne a Betanzos. O Presidente, que viña acompañado dos Conselleiros de Agricultura, D. José Manuel Romay Beccaría, e Ordenación do Territorio e Obras Públicas, D. José Cuiña Crespo, o Delegado Provincial da COTOP, D. Jesús Almuiña e persoal técnico, foi recibido no Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e a totalidade dos membros da Corporación Municipal. Despois da recepción efectuada na Sala Capitular e da entrega dun obsequio conmemorativo, o Presidente asinou no Libro de Ouro da Cidade. Finalmente Presidente e Alcalde, acompañados da comitiva, realizaron unha visita ás vivendas sociais da Condesa e á depuradora de augas residuais.

14 de decembro de 1990

Tivo lugar unha homenaxe popular ó que durante 40 anos fora funcionario do Ministerio de Xustiza, e dende 1964 Corresponsal de "La Voz de Galicia" na nosa cidade, D. Antonio Naya Salorio. Á homenaxe sumáronse un importante número de persoas que lle deron testemuña do seu recoñecemento. Ó mesmo sumámonos tódolos os que facemos o Anuario Brigantino, posto que D. Antonio Naya é un constante colaborador.



15 de decembro de 1990

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración da mostra "O Arquivo Fotográfico SELGAS", organizada polo Concello de Betanzos a través do Arquivo Municipal. No acto estaban presentes o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Manuel Regueiro Díaz, membros da Corporación Municipal e outras representacións e público en xeral. Encol da mostra publicouse un libro, do que é autor o Arquiveiro Municipal Alfredo Erias, que recolle unha biografía de D. Antonio Selgas como fotógrafo cunha selección das súas obras.

15 de decembro de 1990

O Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, e o Alcalde, D. Manuel Lagares estiveron presentes na inauguración, no Edificio Arquivo, dunha mostra de pinturas de Chefa Barros, organizada pola Agrupación Inzar co patrocinio do Concello.



15 de decembro de 1990

Inaugurouse a Aula Municipal de Cultura, dentro do Edificio Arquivo, coas actuacións da Coral Polifónica de Betanzos, "Pasiño a Pasiño" e a Agrupación Musical de Pulso e Piúa "Carlos Seijo".



18 de decembro de 1990

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado por distintos membros da Corporación Municipal, recibiu na Sala Capitular do Concello ós nenos participantes no Concurso de Carteis de Nadal, convocado polo Concello. Durante este acto fixo entrega á gañadora, Paula Martínez Gilsanz, do premio e a tódolos participantes entregoules un obsequio

19 de decembro de 1990

Tivo lugar a saída á rúa do nº 5 de "O Concello Betanceiro", co programa de actos do Nadal e Aninovo e diversas informacóns de carácter municipal.

21 de decembro de 1990

Visitaron Betanzos os parlamentarios D. Jesús Díaz Fornas e D. Ángel Teijeiro. Foron recibidos na Casa Consistorial polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

22 de decembro de 1990

Tivo lugar en Betanzos a celebración do cincuenta aniversario do "Colegio Nuestra Señora del Carmen de la Grande Obra de Atocha". Con tal motivo xuntáronse para levar a cabo diversos actos unhas duacentas ex-alumnas dos primeiros anos deste Colexio.

30 de decembro de 1990

O "American Biographical Institute de Raleigh" de Carolina do Norte (USA) concedeu ó Catedrático, investigador, ensaísta, traductor e crítico betanceiro, D. José Antonio Míguez Rodríguez, un dos títulos de MAN OF THE YEAR (Home do Ano) 1990, pola súa aportación cultural á sociedade. Desde o Anuario Brigantino sumámomonos con ledicia a tódalas mostras de agarimo que con tal motivo lle deu a xente de Betanzos.

O CONCELLO BETANCEIRO
Revista mensual de información municipal

Este mes, cumprido o seu 10º aniversario, o Concello de Betanzos celebra o seu 15º aniversario de vida política. O 15º aniversario é unha etapa de reflexión e de renovación. O 15º aniversario é tamén unha oportunidade para recordar o que se realizou e o que se quere. O 15º aniversario é tamén unha oportunidade para pensar no que se pode e no que se debe. O 15º aniversario é tamén unha oportunidade para celebrar o que se logrou e o que se sigue logrando. O 15º aniversario é tamén unha oportunidade para agradecer a todos os que contribuyeron ao éxito do Concello de Betanzos. O 15º aniversario é tamén unha oportunidade para agradecer a todos os que contribuyeron ao éxito do Concello de Betanzos.

A black and white page from a magazine. At the top, it says 'O CONCELLO BETANCEIRO' and 'Revista mensual de información municipal'. Below that is a large portrait of a man in a suit and tie. To the right of the portrait is a column of text. Below the portrait are four smaller images with captions: 'Betanzos, capital da cultura galega', 'Betanzos, capital da cultura galega', 'Betanzos, capital da cultura galega', and 'Betanzos, capital da cultura galega'.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1990 REMATOUSE
DE IMPRENTAR NO PRELO DE LUGAMI EN BE-
TANZOS O 29 DE XUÑO DE 1991